

PEZA DO MES

xuño

2020



AMARRADOIRO
CASTRO DE TROÑA

XUNTA DE GALICIA

Amarradoiro. Castro de Troña

Amarradoiro

Granito labrado

Século I a. C. – I d. C.

Brazo ascendente: lonxitude, 15 cm

Brazo transversal: lonxitude, 19 cm

Fronte: anchura, 7 cm

Castro de Troña (Pías, Ponteareas, Pontevedra)

Nº de Inv.: CE000146

No repertorio de pezas que se veñen coñecendo como elementos arquitectónicos dentro da plástica castrexa: padieiras, ombreiras, frisos e couzóns, os amarradoiros son unha das creacións máis singulares dentro do que se vén considerando utensilios ou aveños.

Son pezas realizadas en granito en forma de brazo cerrado en ángulo obtuso, cunha das súas partes destinada a axustar nun muro, e a outra, a mellor traballada, a sobresaír da parede. A parte que encaixa ten, habitualmente, forma de paralelepípedo irregular; e a outra, a visible, soe estar traballada e presentar certa decoración.

O seu tamaño é variable, a maioría ten forma de corno, están ben labrados pero non teñen unha decoración significativa. Outros, non obstante, presentan os lados facetados ou están decorados na parte frontal e lateral por touros e escocias máis ou menos profundos e paralelos, que se prolongan sen solución de continuidade pola parte inferior do brazo transversal, como son, por exemplo, os atopados en San Cibrao de Las, Outeiro de San Marcos e Armea; forma de corno teñen os únicos amarradoiros atopados, polo momento, en Castromao. Son dúas pezas de tamaño considerable e magnífica labra que apareceron no vestíbulo dunha casa xunto con materiais de cambio de era e formando parella, o que levou o seu descubridor, Orero Grandal, a definilos como elementos de suspensión. Menos comúns, son os que amosan unha decoración de tipo xeométrico ou zoomorfo como os conservados do castro de Troña (Pías, Ponteareas).

Tradicionalmente véñense interpretando como obxectos de uso meramente práctico e funcional. Así, parece afirmalo Calo Lourido e outros arqueólogos. Ven neles meras pezas funcionais destinadas a amarrar o gando, comparándoas con pezas actuais que, ata hai ben pouco, se atopaban nas cortes; outros investigadores pensan que



PETRÓGLIFO CON SERPE.
FOTOGRAFÍA DE PERICOT E CUEVILLAS EN 1929

puideron ser empregados como colgadoiros ou para soste vigas, pero en xeral son pezas que pasan desapercibidas. Xa Cuevillas, cando describe estas pezas apunta a posibilidade doutros usos: «...*otras piedras acodadas de la misma citania...*», estase a referir ás atopadas en Troña «...*que se conocen con el nombre de «prisoas de gado», pero que pudieron servir para otros usos...*». Esoutros usos intuídos por Cuevillas parece que poderían ser confirmados polos últimos achados nas escavacións no monte do Facho (O Hío, Cangas), como explicaremos máis adiante.

O amarradoiro que hoxe nos ocupa ten un brazo transversal e outro ascendente. Este non arranca directamente do cóbado, facendo ángulo, senón que se encurva bastante cara abaixo antes de comezar a subida. Está decorado polos laterais e pola fronte ascendente cun tema de losanxe ou rombos concatenados que se xuntan, todos eles, no remate da peza, e que poden facernos pensar nunha serpe.

Apareceu no castro de Troña cara ao ano 1929, nas escavacións arqueolóxicas sistemáticas dirixidas

por Luís Pericot García e Florentino López Cuevillas, durante a limpeza da muralla polo nacente do castro, na acrópole, onde se desenvolvera a totalidade do traballo arqueolóxico realizado nas campañas anteriores. Na campaña do vinte e nove, localízase a segunda muralla pertencente á terraza e varias construcións castrexas de planta circular e elíptica que achegan numeroso material: unha fíbula de bronce, e fibelas; unha punta de dardo e unha folla de coitelo do mesmo metal; cerámica castrexa e romana; pesos de rede e varios amarradoiros decorados. Estes, non moi lonxe de onde, nas campañas anteriores, aparecera un petróglifo gravado cunha serpe, símbolo, sen dúbida, dun culto ancestral.



MONTE DO FACHO. AMARRADOIRO CON CABEZA ANIMAL.
FOTO JOHN PATTERSON INSTITUTO ARQUEOLÓXICO ALEMÁN

Isto lévanos a pensar que a nosa peza poida ter certa semellanza, apartándoa así da súa función meramente práctica, con dous amarradoiros con decoración zoomorfa achados nas escavacións do Monte do Facho (O Hío, Cangas), realizadas por José Suárez en 2008.

No artigo «A arquitectura sacra na cultura castrexa» publicado en *Portugalia*, no ano 2015, narra que se escavaron catro estruturas situadas nun aterraxamento, cunha paisaxe que leva a vista ao alén do mundo. Estas construcións estaban todas divididas por muros no seu interior, o cal é raro nos castros. Aparecían ademais outras estruturas de difícil interpretación, como unhas repisas de forma cuadrangular colocadas contra os muros. Non había fogares nin materiais. Pero si elementos de difícil interpretación. Un betilo ou pedra sagrada de forma cónica e un perpiaño cunha serpe gravada parecida á atopada en Troña. No exterior, o seu descubridor explica que apareceron dous amarradoiros, un deles coa figura dun xabaril e outra coa dun carneiro. Ambos apareceron caídos da parte de arriba das casas, carecendo de sentido dispoñelos a esa altura para amarrar o gando. Doutra banda, as casas están tan xuntas e nun lugar tan pouco accesible que é impensable que levaran o gando por alí. Polo que parece inviable que os amarradoiros puidesen valer para atar a bestas.

Conclúe dicindo que trescentos, anos antes do santuario galaicorromano, onde se adoraba e se pedía pola saúde ao deus Berobreo, todo o castro era un complexo relixioso, con pequenos templos dedicados ás deidades galaicas e espazos para banquetes rituais. As casas e construcións que se ven nas terrazas son pequenos templos dedicados a deidades concretas relacionadas con animais. Os

amarradoiros serían exvotos que se ofrecían como conmemoración dun voto ou promesa por algunha graza recibida. Un deles asociado a un xabaril, outro a un carneiro; animais que por outra banda non son alleos á cultura castrexa. E propón que estas pezas, os amarradoiros, obxectos que se atopan con certa frecuencia en xacementos da Idade do Ferro, poden achegarnos ao mundo da cerimonia e do culto. Aqueles que teñen una decoración máis complexa ou zoomorfa poderían condensar o peso que para a súa economía, para a súa forma de vida e para a súas crenzas representaban os animais. Sería a súa maneira de protexelos e encomendalos á divindade.

Reforzaría esta teoría o feito de que, dos coñecidos, ningún deles presenta desgaste da corda, nin mostran sinais de apoio e a súa decoración consérvase moitas das veces intacta, polo que parece inviable o seu uso como obxecto unicamente utilitario.

Tería a nosa peza a mesma función? As croas onde se atopa escaso material, pero si pezas con significado simbólico/relixioso, poderían ser espazos sacros? No mundo mediterráneo temos numerosos espazos de culto dentro dos asentamentos; por que aquí non?; non os sabemos ver?; non sabemos interpretalos? Tiña Troña na súa acrópole un lugar sagrado para falar con deuses?

Dar respostas a estas preguntas é coñecer o noso patrimonio e con el a nosa identidade. Cuevillas foi quen de facelo, e Nós tamén.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Ana María Veiga Romero


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA
DE GALICIA